



Concello de Vimianzo

C

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 27/04/2013

O

Na vila de Vimianzo, ás once horas e un minuto do día vintasete de abril de dous mil trece, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

P

Asisten os seguintes membros:

- D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
- D. Fernando Mancebo Amigo
- D. Anselmo Ramos Martínez
- D.^a María José Ramos Rey
- D. José Antonio Miñones Riveiro
- D. José Manuel Rodríguez Blanco
- D.^a Montserrat Vázquez Miñones
- D. Manuel Soto Pérez
- D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
- D.^a María Carmen Hermida Tomé
- D. Juan Carlos Amado Sambade

A

Ausentes:

D

D. José Manuel Pérez Trillo

P

Secretaria: D.^a Eva María Casal Sanjurjo

Interventora: D. Gema Leal Insua

U

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

DELIBERACIÓN

D

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior correspondente ó día 6 de abril de 2013

L

O Sr Alcalde comeza dicindo que en relación á acta do 26 de xaneiro de 2013 se inclúe a alegación do Sr Soto que no seu momento, na sesión do día 6 de abril de 2013, dícia que faltaba unha resposta que o Sr Alcalde lle dera en relación a unha pregunta formulada polo Sr Soto durante o trascurso da sesión do 26 de xaneiro de 2013, e que fora un erro de trascrición.

I

Polo tanto, incorpórarse a pregunta que fixo o Sr Soto máis a resposta dada polo Sr Alcalde no turno de rogos e preguntas da sesión ordinaria do 26 de xaneiro de 2013, as cales se trascriven a continuación:

C

"O Sr Soto, na sesión da data 26 de xaneiro de 2013 preguntou ao sr Alcalde en relación a un tema que lle comentou un veciño de Cheis, o cal tiña un problema urbanístico, e que, polo que ese veciño lle contou, ao parecer o irmán do Sr Mancebo lle foi marcar unha liña, polo visto mandado pola corporación.O Sr Soto di que entende que o tema vai a acabar no xulgado Evidentemente, según o Sr Soto, se marca unha liña unha persoa allea ao concello, estariamos ante unha usurpación de funcións , e iso sería gravísimo, e o Sr Soto di que el só quere saber se iso é certo ou non, que se conforma con que o Sr Alcalde lo aclare."

o Sr Alcalde dille ao sr Soto que ten que ser riguroso, que non se pode lanzar algo contra alguén, mentira, calumnia.Primeiro, que o que o Sr Soto dí, supón o Sr Alcalde, sería tratar de ignorante

C

a persoa que quere facer esa obra, porque todo o mundo sabe que iso ten que facelo o arquitecto, e que nin o Alcalde nin ningúen lle vai dicir por aquí ou por acolá, e o Sr Alcalde pídelle ao Sr Soto que non faga esas intervención xenéricas, e que as boas palabras e as boas intencións axudan, e que lle traslada ao Sr Soto a súa boa intención, para tratar, coma no día de hoxe, de chegar a algúns puntos en común. O sr Alcalde cre que non está ben o que acaba de decir o Sr Soto, que é tratar de ignorante á todo o mundo e que ningúen pode dicir "fai por aquí", porque se o fai, e se lle fan caso, que quere que lle diga.

D

O Sr Alcalde continúa dicindo ao Sr Soto que non sabe se el se está a referir a un expediente de reposición da legalidade urbanística dunha obra que se fixo sen licencia, por un muro que se fixo no lugar de Cheis, e que non cumpre o retranqueo e se está intentando repoñer a legalidade. O Sr Alcalde explica que son expedientes bastante comuns, e que ata a el lle da vergoña traelos ao pleno, e ademáis el quere crer que ás veces se a xente fai iso é por descoñecemento, porque a xente ás veces non fai as cousas como debe facelas".

A

O Sr Alcalde pregunta aos señores concelleiros se alguen ten que facer algunha pregunta máis acerca da acta do pleno de 6 de abril de 2013.

P

Intervén o Sr Rodríguez Blanco para preguntarlle ao Sr Alcalde en relación ao punto 8 do anterior pleno. O Sr Rodríguez Blanco pregunta por que o Sr Alcalde non dou conta de determinados escritos en relación co tema da súa expulsión, e se é certo que un escrito privado relacionado co devandito tema, e que ía dirixido ao Sr Rodríguez Blanco, concretamente ao seu enderezo privado, acabou nas mans do Sr Mancebo.

J

O Sr Alcalde toma a palabra e dille ao Sr Rodríguez Blanco que se está confundindo de punto.

J

O Sr Rodríguez Blanco volve a intervir e pregunta unha vez máis

B

O Sr Alcalde advírtelle que se segue a preguntar, lle retira a palabra. Dille ao Sr Rodríguez Blanco que o que el ten que decir e se está de acordo co que aparece reflectido na acta ou non.

B

O Sr Alcalde pregunta se alguén ten algunha observación máis con relación co contido da acta.

L

Intervén a Sra Rodríguez para , en primeiro lugar, disculpar a ausencia do seu compañoiro o Sr Soto, que non pode asistir .

J

A Sra Rodríguez explica que xa no anterior pleno o seu grupo manifestou, e así consta na acta, que eles pediran que se adxuntara a relación das resolucións de alcaldía das que se daba conta, e que ven que, nesta ocasión, volve a pasar o mesmo.

C


O Sr Alcalde dille á Sra Rodríguez que ao mellor lle fai falta un curso acelerado, porque están no punto de aprobación da acta.O Sr Alcalde dille á Sra Rodríguez que o que ten que decir é se está de acordo co contido da acta ou non.

A

Enténdese aprobada acta da sesión do 6 de abril de 2013, e tamén se entende corrixido o erro de trascrición advertido na acta da sesión do 26 de xaneiro de 2013.

2. Comunicados oficiais

O Sr Alcalde dálle á palabra á secretaria para que dé conta dos comunicados oficiais. A secretaria da contido dos seguintes comunicados oficiais:



Concello de Vimianzo

C

-Escrito do Servizo de Fomento da Deputación Provincial da Coruña, relativo á situación administrativa da subvención para a contratación de socorristas da piscina na tempada de verán(RE de 18/04/2013)

O

-Escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria, relativo á notificación da autorización administrativa e aprobación de proxecto de execución(RE de 24/04/2013)

P

-Escrito do Servizo de Fomento da Deputación da Coruña, relativo á situación administrativa da subvención do programa de envellecemento activo para persoas maiores 2013(RE de 16/04/2013)

I

-Escrito do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación da Coruña relativo á autorización da petición do IES Terra de Soneira pra realizar unha actividade lúdico cultural no castillo de Vimianzo o 17/04/2013(RE do 22/04/2013)

A

-Comunicacións do CEIP San Vicenzo de Vimianzo, polas que se fai alusión ás necesidades básicas do centro e se presenta solicitude(RE 16/04/2013)

-Escrito do Servizo de Fomento da Deputación da Coruña(Servizos Sociais), comunicación de situación administrativa de subvención de programa de promoción de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e de loita contra a viloencia de xénero 2013(RE 16/04/2013)

P

-Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vimianzo, artesanía en vivo(RE 15/04/2013)

U

-Escrito do Servizo de fomento(cultura e deportes), relativo á aprobación da documentación xustificativa da XIX MOSTRA DE ARTESANIA EN VIVO DO CASTELO DE VIMIANZO ANO 2012(RE 09/04/2013)

D

3. Dación de conta de Resolucións da Alcaldía.

O Sr Alcalde dálle a palabra á secretaria.

L

A Secretaria dá conta das resolución ditadas por Alcaldía desde o 8 de abril de 2013, citando únicamente a primeira da relación de resolucións (Resolución nº 378, relativa ao enganche de auga da Comunidade de Propietarios de Benito Blanco Rajoy) e a última das resolucións, a resolución de data de 26 de abril de 2013(resolución nº 478, pola que se autoriza unha proba automovilística).A secretaria cita que, entre a relación sinalada, figuran as resolucións 454 e 455 relativas á aprobación das bases de selección dun conductor de trator desbrozador e as bases de selección de dous oficiais de albanel.

C

4. Mocións

O Sr Alcalde pregunta se algún dos voceiros dos grupos municipais quere presentar alguma moción.

A

A voceira de IxV, Sra Rodríguez Ordóñez, di que quería recordarlle ao sr Alcalde que o seu grupo ten dúas mocións do pleno anterior.

Q

O Sr Alcalde toma a palabra e pregunta á Sra Rodríguez se hai alguma moción.

A Sra Rodríguez volve a dicirlle ao Sr Alcalde que teñen dúas mocións do pleno anterior.

C

O Sr Alcalde dille á sra Rodríguez que formule algunha moción.

O A Sra Rodríguez dille que xa presentou as mocións por rexistro.

P O Sr Alcalde pregunta entón ao voceiro do PP se teñen algunha moción.

P O Sr Amado (PP) contesta que non.

I O Sr Alcalde pregunta aos concelleiros non adscritos se teñen algunha moción.

I O Sr Rodríguez Blanco contesta que non.

A O Sr Alcalde da paso ao seguinte punto, é dicir, ao turno de rogos e preguntas.

5. Rogos e preguntas

O Sr Alcalde comeza dicindo que, antes de nada, vai responder ás preguntas que lle formulou no pleno anterior o voceiro de IxV, Sr Soto, e tamén outros concelleiros.

P O Sr Alcalde di que á pregunta do Sr Soto preguntando ao Sr Alcalde acerca do motivo de cal é o cambio de criterio xa que antes todos os concelleiros presentaban mocións a falaban directamente dos asuntos, o Sr Alcalde contesta que a resposta é que aplica o artigo 91.2 do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

U O Sr Alcalde continúa dicindo que, á pregunta formulada polo Sr Soto relativa á cal é a situación da obra de Baíñas, xa que os feitos demostran que a obra está parada, o Sr Alcalde di que evidentemente como o Sr Soto non lle dé mais datos, non sabe a que obra se refire, xa que o existen diversas obras en marcha.

D En canto á terceira pregunta feita polo Sr Soto, relativa a saber se o Sr Alcalde lle pode aventurar algo acerca da data de remate da obra da Piroga, o Sr Alcalde contesta que nos próximos días vaise rematar.


L O Sr Alcalde explica que, en relación á pregunta formulada polo Sr Rodríguez Blanco, acerca de cómo está a obra de Baíñas, o Sr Alcalde contesta que non sabe cal é o tema de Baíñas, xa que hai varias obras.


L En relación á segunda pregunta feita polo Sr Rodríguez Blanco, acerca de cando vai rematar a obra da Piroga, o Sr Alcalde contesta que lle remite á resposta que acaba de dar ao grupo municipal de IxV.

C En canto á pregunta formulada polo Sr Rodríguez Blanco, relativa a cando teñen pensado rematar a Casa da Cultura de Baíñas porque hai varios metros de auga , o Sr Alcalde contesta que teñen pensado impulsar nos próximos días as obras que se necesitan e que estaban contratadas.

A O Sr Alcalde toma a palabra para preguntar á voceira de IxV se teñen algunha pregunta ou rogo que formular.

A Voceira do grupo IxV, Sra Rodriguez Ordóñez, contesta que ten varios rogos.





Concello de Vimianzo

C

A Sra Rodríguez Ordóñez di que o primeiro rogo é referente ao que intentou dicir no primeiro punto da orde do día, porque ela considera que tería cabida nese punto, pero que antes o Sr Alcalde non llo permitiu, e que entón o plantexa agora. Di que o rogo é relativo ao que o seu grupo xa reclamou no pleno anterior, e é que coa acta non se adxunta a relación de resolucións de Alcaldía, e que el quere saber se é que non hai resolucións ou que pasa con este tema.

P

O segundo rogo da Sra Rodríguez é relativo a que dende o concello de Vimianzo se volvan a impulsar os ciclos de formación profesional, tal e como solicitou o grupo IxV o ano pasado xa que ela entende que sería una lástima que se perdesen esos ciclos.

I

A Sra Rodríguez plantexa un terceiro rogo. Di que cre que o tema do Centro de Día está totalmente parado e quere saber como está o tema.

A

O cuarto rogo da Sra Rodríguez é relativo a saber que é o que pasa co tema da feira da Piroga.

A

A Sra Rodríguez plantexa un quinto rogo. Explica que desde a Dirección Xeral de Emprego e Formación se establecen unhas bases que ela entende que podería aproveitarse desde o concello para favorecer o emprego.

P

O seguinte rogo que fai a Sra Rodríguez é relativo a que teñen distintas queixas das comisións de festas e non se están dando autorizacións para celebralas, e polo tanto ela formula o rogo de que estas asociacións non sofran estas trabas, ao igual que as están sufrindo os membros da oposición.

U

O Sra Rodríguez exolica que tamén quere formular una serie de preguntas.

U

A Sra Rodríguez pregunta ao Sr Alcalde se finalmente non pensa elaborar uns orzamentos para o ano 2013, como o Concello de Vimianzo se merece, xa que de ser así poderíase quedar sen o GRUMIR.

D

A segunda pregunta da Sra Rodríguez é a relativa ao estado do expediente de cesión 1785/2012, relativo ao Muíño da Agra, xa que na Xunta de Goberno Local de 25/02/2012 se tratou este tema, e a Sra Rodríguez quere saber se xa está feita a cesión.

L

A Sra Rodríguez continúa preguntando, dicindo que lles sorprenden 2 actas da Xunta de Goberno Local:

I

-Existiu una solicitude de suvención para reposer cobre, e era interesante para o concello, sen embargo da acta da Xunta de Goberno local despréndese que desde o concello se arquiva a petición desta subvención.

C

-Na Xunta de Goberno Local de 18/03/2013 dáse conta de que o Concello de Vimianzo vai a ter que pagar una sanción relativa á presentación dunha xustificación fóra de prazo dunha subvención, e ela non entende que o concello teña que pagar una sanción por este motivo.

A

A Sra Rodríguez formula outra pregunta referente á pista que vai de San Fins a Casedas. Di que lle consta polas queixas dalgúns vecinos qu se está invadindo un lavadoiro e que lle gustaría que se tomasen medidas ao respecto.

S

A Sra Rodríguez continúa preguntando, esta vez di que é en relación á obra da Piroga. Explica que están moi preocupados por estas obras, sobre todo tendo en conta que ela é membro da Comisión especial de investigación. Engade que ela tivo acceso ao expediente, áinda que foi

C

O desa maneira que o Sr Alcalde ten acostumado a facer, e que según ela o expediente está incompleto, e resulta que faltaba documentación. Di que non saben cando finaliza esa prórroga, e que iso de que a obra vai rematar "nos próximos días", que a ver se lles di algo dunha vez, a e a ver se é neste ano ou en que ano vai ser, xa que na Xunta de goberno local de febreiro o Sr Alcalde dixo que eran días laborables e agora di que son días naturais.

D

A Sra Rodríguez pregunta por que na nova contratación que se acaba de facer no concello privou de poder participar a outros profesionais de Vimianzo que ela entende poden estar tan cualificados, e tamén quere preguntar por canto tempo se fixo esa contratación, cal é a xornada laboral, e, en definitiva, a Sra Rodríguez pregunta ao Sr Alcalde canto vai costar a contratación de Daniel Beiras, fillo do Sr Beiras, a este concello. A Sra Rodríguez explica que se ve o oportunismo por parte do Sr Alcalde.

A

O Sr Alcalde contesta á Sra Rodríguez, dándolle as gracias polos rogos formulados, e explicando que, na medida en que sexa posible, serán atendidos.

O Sr Alcalde explica que, en canto ás preguntas, daráselle resposta no seguinte pleno, dada a cantidade de información solicitada.

O Sr Alcalde dille á Sra Rodríguez que as contratacóns no Concello de Vimianzo fanse con respeito aos principios de mérito e capacidade, e dille á Sra Rodriguez que parece mentira que Pela diga esas cousas, cando ela mesma ten ao seu marido traballando no concello, máis a un primo, mellor dito, ao seu marido, ao seu primo e demáis familia, e aínda lle di máis, dille que teña coidado de que non se lle volva en contra.

U

O Sr Alcalde pregunta entón ao sr Amado Sambade, voceiro do PP, se ten algún rogo ou pregunta.

O Sr Amado dille que si. Dille ao Sr Alcalde que na carretera de Cabana, no cruce de Carantoña, D existe un terraplén, e pregunta se é posible poner algunha barandilla, porque houbo de caer un D heno o outro dia.

L

O Sr Amado pregunta ao Sr Alcalde pola Casa da Cultura de Baínas, e se iso se vai arreglar, e como está esa piscina.

L

O Sr Amado pregunta pola situación dos Montes da Braña Milleira, se están os trámites iniciados, e cal é a situación das fincas.

L

Tamén pregunta o Sr Amado se o fillo de Beiras está a traballar no concello e se non hai outras persoas cualificadas en Vimianzo para esa praza.

C


O Sr Alcalde dille que se remite ao que lle acaba de dicir á Sra Rodríguez en canto ás contrataclóns neste concello, e que os mesmos arquitectos de Vimianzo que están redactando proxectos non poden despois informalos.

A

O Sr Alcalde dalle a palbra ao Sr Rodríguez Blanco. O Sr Rodríguez Blanco dille que non sexa tan ditador.

Q

Neste momento intenta falar o Sr Mancebo.



Concello de Vimianzo

C

O Sr Rodríguez Blanco dille ao Sr Alcalde que non lle gustan eses comentarios da familia dos concelleiros, e pregúntalle se ten pensado seguir cos expedientes disciplinarios e se vai haber más.

O

Interven o Sr Mancebo e di que é probable.

P

O Sr Rodríguez Blanco di á secretaria "Sra secretaria, dixo que é probable que habería más"

I

O sr Alcalde dille ao Sr Rodríguez Blanco que formule o rogo.

A

O Sr Rodríguez pregunta ao Sr Alcalde por que non deu conta dos escritos que el mais a súa compaíeira , a Sra Vazquez Miñones, presentaran en relación coa súa expulsión do PSOE, xa que el pensa que o Sr Alcalde liu o que lle dou a gana, e o Sr Rodríguez Blanco explica que xa o Sr Alcalde xa colgou na web do concello os nomes deles figurando xa como concelleiros non adscritos.

D

O Sr Rodríguez Blanco continúa a súa intervención.Pregunta ao Sr Alcalde como un documento que aparece coa súa dirección privada tíñao na man o Sr Mancebo, e que se o Sr Alcalde non llo di agora que o vai ter que explicar noutro sitio. O Sr Rodríguez Blanco continúa explicando e dille ao Sr Alcalde se se lembra do día aquel en que este último más o Sr Mancebo, xunto co Sr secretario estaban pechados acolá arriba no seu despacho, no seu "bunker", coa porta pechada, e que el case que ten que votar a porta abajo.

P

O Sr alcalde dille que se lembra perfectamente, e que vindo del, do Sr Rodriguez, cre perfectamente que sería capaz de facelo.

U

O Sr Rodríguez quere seguir preguntando.Pregunta ao Alcalde por unha moción que presentou no anterior pleno, acerca da defensa dos dereitos dos traballadores, e da creación dunha mesa laboral, e quere saber como esta o tema.Asemade, o Sr Rodríguez Blanco volve a insistir no tema dos escritos da súa expulsión.

D
D

O sr Alcalde dille ao Sr Rodríguez Blanco que só se pregunta unha vez, e que siga facendo preguntas.

L

Continúa o Sr Rodríguez Blanco pregunta polo tema do estudo de detalle de Baínas e a Piroga relativo a unha moción do pleno anterior onde se nomeaba avogado.

C

O Sr Rodríguez Blanco dille ao sr Alcalde como di que non sabe a que se refire el cando lle preguntou no anterior pleno pola obra de Baínas, xa que na xunta de goberno local de 07/02/2013 a xunta de goberno paraliza a obra, polo que o sr Rodríguez pregunta se a xunta de goberno está equivocada.

C

O Sr Rodríguez Blanco pregunta pola previsión de construción dunhas pistas, entre elles a de Teds a Tines., e pregunta se o concello ten xa a disponibilidade dos terreos, e pídelle ao Sr Alcalde que ao próximo pleno traia os proxectos a sinatura de todos.


A


O Sr Rodríguez Blanco fai alusión ao novo arquitecto, e di que non ten nada en contra del, que non pon en dúbida que sexa un bo profesional, pero pregunta se ten algo que ver o expediente disciplinario abierto contra o técnico municipal co novo fichaxe que fixeron agora.

C

A Sra Rodríguez Ordóñez pide outro turno de réplica, pero o Sr Alcalde dar por rematadas as intervencións, e , antes de rematar a sesión, roga aos concelleiros da oposición que nas súas intervencións utilicen un tono un pouco más elegante, e que non o fagan por el, senón por respeito aos cidadáns.

P E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as once horas e vintaoito minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o vinte e sete de abril de douce mil trece.



A SECRETARIA


P

U

D

L

I

C

A